

# 1ª FEIRA RURAL de San Sadurniño

## Concurso de Froita Autóctona

### BASES DO CONCURSO

O Concello de San Sadurniño, en convenio coa AGFA do Eume, e coa colaboración da Deputación de A Coruña, e para a Promoción da Froita Autóctona, convoca, para o 8 de Agosto de 2009, o Concurso de froita das hortas tradicionais das Comarcas do Eume e o seu entorno, de conformidade coas seguintes Bases:

#### REQUISITOS

- I. Poderá participar calquera persoa, aficionado ou interesado na posta en valor das nosas hortas, en representación propia ou en delegación por escrito doutras.
- II. Cada lote, unha vez inscrito, se lle asignará pola Comisión de Inscripción, unha ficha técnica e un número de participación.
- III. Non está limitado o número de lotes por participante sempre que se cumpran as Bases do Concurso. Só se pode presentar un representante por unidade familiar.
- IV. O lote estará formado por froita dunha mesma variedade e cun peso mínimo de 3 Kg., de froita procedente de hortas tradicionais das Comarcas do Eume, Ferrol, Ortegal e Betanzos.
- V. Poden presentarse ó concurso variedades de froita autóctona, variedades antigas e variedades recén incorporadas.
- VI. A presentación e retirada dos lotes que se presenten no concurso será por conta dos concursantes.
- VII. O prazo para inscribirse no concurso abrírase o día 3 de Agosto no Concello de San Sadurniño ou na AGFA do Eume (páxina web: [www.agfadoeume.org](http://www.agfadoeume.org)), finalizará o día 8 de Agosto ás 11:00 horas na mesma Feira. Os interesados deberán encher unha ficha cos seguintes datos: nome, apelidos, DNI, idade e teléfono de contacto, así como horta de procedencia da froita.
- VIII. Os concursantes débense presentar na Feira á Comisión de Inscripción, entre as 10:00 e as 10:30 horas, e non máis tarde das 11:00 horas, reservándose a Organización o dereito de variar o horario en función do número de participantes. A Comisión de Inscripción estará formada por 2 expertos da AGFA e un secretario designado polo Concello.

#### XURADO E PREMIOS

- IX. Para dictar o fallo constituirase un Xurado formado por 2 representantes do Concello de San Sadurniño, 2 técnicos da Administración e 2 representantes da AGFA do Eume e un Secretario, designado polo Concello, para tomar acta e custodiar as follas de valoración. As follas de valoración conservaranse no Concello ata pechar o período de impugnación.
- X. Ás 11:00 horas o Xurado pasará a cualificar os lotes presentados a concurso e ás 13:00 horas darase lectura da valoración dos lotes e entrega de premios.
- XI. Dotaranse os seguintes premios:

Categoría	Importe
1º Premio ó mellor conxunto de lotes de variedades.	200,00 euros
1º Premio á mellor variedade	200,00 euros
1º Premio da Asociación A.G.F.A á variedade en perigo de extinción	200,00 euros
Premios á participación	20,00 euros

- XII. Os lotes premiados pasarán a disposición da Organización (do mellor conxunto se seleccionará un lote), para ser sumados os custos de froita da exposición da AGFA do Eume, a sortear na Feira ás 18:00 horas.
- XIII. Tomando como referencia as Bases do Concurso, os premios poden ser impugnados no Concello non prazo de 5 días hábiles. Un Xurado formado polo Presidente do Concello e representantes do Xurado de Calificación e Comisión de Inscripción evaluará a impugnación e responderá non prazo de 4 días hábiles. No caso de ser aceptada a impugnación o premio pasará o seguinte valorado. Con tal motivo os premios entregaranse nun pagaré a pagar con vencemento a 10 días hábiles despois de outorgar o premio.
- XIV. A participación no concurso supón a aceptación plena das presentes Bases. Calquera circunstancia non prevista nas mesmas, ou cantas dúbidas interpretativas se presenten, serán resoltas según o criterio da Organización do evento.

## PUNTUACIÓN

Máxima puntuación	100 puntos
Presentación	0 a 15
Variedade autóctona ou antiga	10
Variedade en extinción (acumulable)	5
Variedades recén incorporadas	1
(características organolépticas e morfolóxicas por variedade)	
Cor	0 a 8
Forma	0 a 8
Tamaño	0 a 8
Pel	0 a 6
Carne	0 a 10
Sabor	0 a 15
Arrecendo	0 a 6
Madurez	0 a 8
Defectos	0 a (-15)
Enfermidades	0 a (-15)

### Anexos:

- 1.- *Ficha de valoración do Xurado*
- 2.- *Ficha de inscrición*
- 3.- *Rexistro de participantes*
- 4.- *Ficha técnica de lotes*
- 5.- *Relación de valoración de lotes.*

## DINÁMICA E FUNCIONAMENTO

Das 10:00 ás 10:30 horas farase a acollida ó recinto nunha área identificada como "inscrición de participantes".

No caso de non telo feito antes encherase a ficha de inscrición e entregárase á Comisión de Inscrición.

Mostraranse os lotes de froita a concursar para ser recoñecidos pola Comisión, que elaborará unha ficha técnica e asignará un número, que acompañará ó lote, e determinará un lugar de exposición para o concurso.

Os lotes da froita en concurso quedarán expostos para a valoración do Xurado e o público asistente dende as 10:30 ás 13:15 horas.

Unha das pezas de cada lote estará a disposición do Xurado para avaliar a carne, o sabor e o arrecendo.

Os lotes recoñecidos como premiados pasarán a formar parte da froita exposta pola AGFA do Eume e a sortear ás 18:00 horas.

Os restantes lotes con premios de participación quedarán a disposición dos concursantes.

**Animamos a que esa froita se venda ó público interesado co fin de favorecer a recuperación do mercado tradicional de froita.**

## DIRECTRICES XERAIS

A presentación dos lotes debe facerse en cestos ou recipientes con adornos tradicionais. Non se permite presentar os lotes en caixas de firmas comerciais e adornos artificiais.

Os lotes e concursantes que incumpran as Bases do Concurso poden ser penalizadas coa retirada do lote/s do concurso e o concursante pode chegar a ser vetado ós concursos de froita que se celebren na Comarca por un período de tempo determinado.

San Sadurniño, a 22 de Xulio de 2009

Asdo.: Presidentes do Concello de San Sadurniño e da AGFA do Eume



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es



**DEPUTACION** DA CORUÑA  
www.dicoruna.es



**AGFA**  
do Eume